

Don Pablo Montero Carrera, secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 26 de xullo de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro". (Expte.- 2024027810).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, número 2024005473 de data 27 de xuño de 2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 1 de xullo de 2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.
- GRUNDILA, S.L.
- PEREIRO SUMINISTROS, S.L.



- RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ASISTENCIA YI SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	29.295,18 €	3,00%	36 MESES	NON APORTA	NON
GRUNDILA, S.L.	25.900,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
PEREIRO SUMINISTROS, S.L.	23.030,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE S.L.	28.751,13 €	1,50%	24 MESES	NON	NON

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, PEREIRO SUMINISTROS, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citadas empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

